



NOTA DE PRENSA

O Servicio de Urbanismo e Inspección Territorial da Coruña, dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes comunicoulle á Federación Veciñal Roi Xordo á súa proposta de resolución do expediente de infracción urbanística con referencia OT 107A-06/319 aberto a raíz da denuncia **presentada pola Federación Veciñal Roi Xordo e por un aluvián de Cidadáns.**

A resolución do Servicio de Urbanismo e Inspección Territorial da Coruña O Servicio de Urbanismo e Inspección Territorial da Coruña, en cumprimento do Ar. 118 do RDU **PROPON REQUERIR Ó ALCALDE DE FERROL PARA QUE DISPOÑA A SUSPENSIÓN DOS EFECTOS DO ACORDO APROBATORIO DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN E A INMEDIATA PARALIZACIÓN DAS OBRAS INICIADAS Ó SEU ABEIRO, E PROCEDA Á REVISIÓN DO ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DE FERROL DE DATA 16 DE MARZO DE 2.005, QUE APROBOU DEFINITIVAMENTE O PROXECTO PARA A URBANIZACIÓN DA PRAZA DE ESPAÑA PRO SER NULO DE PLENO DEREITO**

Esta resolución do Servicio de Urbanismo e Inspección Teritorial confirma na súa totalidade as denuncias presentadas pola Federación Veciñal Roi Xordo a respecto da construción do edificio da Praza de España e que motivou incluso que se puxera en coñecemento da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por ser constitutivo dun delito contra a Ordenación do Territorio.

Na resolución do Servicio de Urbanismo indicase que a Modificación puntual da revisión e adaptación do P.X.O.M de Ferrol para a reordenación dos sistemas xerais de equipamentos comunitarios, zonas verdes e espazos libres públicos no ámbito da Praza de España está pendente da súa aprobación definitiva, e que se atopa suspendida ata o cumprimento do requisito de documentación que lle foi efectuado ó Concello de Ferrol con data 9 de Novembro de 2.006.

Indicase asimismo nesta resolución que *“chama a atención ó subinspector urbanístico no seu informe de data 2 de Xaneiro de 2.007 sobre o feito de que no título do proxecto obxectivo de concurso, adjudicación e aprobación se omite toda referencia á construción do edificio de 21 metros de altura e dos sotos, cando na memoria e planos do mesmo proxetase a construción de dúas plantas de soto e un edificio de cinco plantas que se presentan diafnas, sen mencionar o uso que se dará ás mesmas”.*

Continua decindo o informe que *“ as obras denunciadas atópanse emprazadas en solo cualificado polo planeamento municipal vixente como sistema xeral viario, no que a súa ordenanza de aplicación tan só permite a implantación no subsolo de aparcamentos soterraneos públicos, preservando o carácter de dominio público do solo e subsolo. É*



decir, non se contempla para os sotos usos distintos do de aparcamento soterraneo nin usos edificatorios sobre a rasante do vial. “O Artigo 117 da Lei 9/2002 tipifica como infracción moi grave o incumprimento das normas relativas ó uso e edificación que afecten a terreos cualificados como dotacións ou equipamentos públicos”.

Nas súas consideracións xurídicas a resolución do servizo de urbanismo indica que “dos feitos que se acaban de expoñer queda suficientemente acreditado no expediente que na praza de España de Ferrol, clasificada no vixente PXOM como solo urbano de Sistema Xeral Viario, estánse a executar obras de construción de dous locais de 180 m2 de planta cada un deles e 4 metros de altura, así como un edificio de dous sotos e 5 plantas sobre rasante, **infrinxindo de xeito ostensible a ordenanza que lle é de aplicación**” .

Indica a continuación que “*constan tamén no expediente de planeamento que non está aprobada definitivamente e publicada (requisitos indispensables para a súa entrada en vigor) a modificación puntual do PXOM na que pretendían ampararse as obras denunciadas. En consecuencia, as devanditas obras e o proxecto de urbanización do que traen causa, aprobada por acordo do Pleno de data 16 de Marzo de 2.006, ao executar e autorizar un uso distinto ó de aparcamento subterráneo, unico que permite o precitado artigo 115c, nun solo dotacional de uso público, constituen unha infracción moi grave tipificada no artigo 217-2 da vixente Lei 9/2002.*”

Dí tamén a resolución que “*á vista do informe do secretario do Concello de data 13 de Outubro de 2.004, e que expresamente advirte de que o Concello non poderá adjudicar a obra mentras non realice a adaptación do planeamento, e do feito de que no título do proxecto técnico que foi obxecto de concurso público, adjudicación e aprobación se omitise toda referencia ó edificio emblemático, cuxa execución e claramente contraria ás previno contidas no vixente planeamento municipal para o solo cualificado como sistema xeral viario, considerase que o acordo aprobatorio do referido proxecto PUIDERA SER CONSTITUTIVO DUN DELITO SOBRE A DENANCION DO TERRITORIO DO ARTICULO 320 DO CODIGO PENAL. A tal efecto, atendendo ó requerimento do fiscal, remiteselle copia deste informe proposta para a súa incorporación ás diligencias informativas nº 191/2006-Penal.*” .

realiza a resolución decindo que “de conformidade co artigo 213-2 da LOUG, as licenzas ou ordes de execución que se outorguen con infracción da zonificación ou uso urbanístico das zonas verdes, espazos libres, dotacións ou equipamentos públicos previstos no planeamento serán nulas de pleno dereito. Nestes casos, o Conselleiro competente en materia de urbanismo requirirá ao alcalde para que proceda á revisión da licenza”

A Federación Veciñal Roi Xordo, á vista desta resolución do Servizo de Urbanismo e Inspección territorial da Coruña **quere manifestar que todas as súas denuncias e actuacións realizadas desde o mes de Setembro de 2.006 vense confirmadas polo organo tutelar de Urbanismo de Galicia, e que a solicitude realizada no seu día á Conselleira de Política Territorial de que asumira as competencias de urbanismo do**



Concello de Ferrol no relativo á Praza de España atopan hoxe a súa plena confirmación pola propia Consellería de Política Territorial e Obras Públicas.

Así mesmo, a denuncia presentada pola Federación Veciñal Roi Xordo na Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vese hoxe totalmente ratificada polo propio Servicio de Urbanismo da Xunta de Galicia que califica a actuación do Concello de Ferrol como constitutivo dun delito contra a Ordenación do Territorio.

A Federación Veciñal Roi Xordo ESIXE O ALCALDE DO CONCELLO DE FERROL A INMEDIATA PARALIZACION DAS OBRAS DO EDIFICIO QUE ESTA A CONSTRUIR NA PRAZA DE ESPAÑA. Sobre a consideración política na que queda o Goberno Municipal de Ferrol despois desta resolución do Servicio Provincial de Urbanismo no é misión da Federación Veciñal Roi Xordo pero lle solicitaríamos que actuara en conciencia.

Jesús Caselas Pérez
Presidente da Federación Veciñal Roi Xordo